SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Josefa Regueira Millán

Visto o escrito presentado por **Josefa Regueira Millán**, de data 14/03/2022 (Rexistro de entrada nº 4.626), no que solicita certificación urbanística en relación a parcela con Ref. catastral 15074A022011170000KU e 15074A022011180000KH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 19/04/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión Extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2.002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa reseñada, e a Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademais para este caso concreto, no que se sinala unhas fincas de Polígono 22 e número de fincas 1.117 e 1.118 de referencia catastral 15074A022011170000KU e 15074A022011180000KH están clasificada como **SOLO RÚSTICO**.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Dino Rene Vivanco Vilches

Visto o escrito presentado por **Dino Rene Vivanco Vilches**, de data 20/04/2022 (Rexistro de entrada nº 7.542), no que solicita certificación urbanística en relación a parcela que se van a utilizar para a colocación do “chiringuito Mosqueiros” (Castiñeiras), con data de aprobación, estado de execución, clasificación de usos permitidos.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Jesús García Ramos, de data 22/04/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Se emite informe en relación ao asunto: Enmenda da solicitude de autorización para instalación dun quiosco “posto de Mosqueiros” en servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre.

ANTECEDENTES

En relación á solicitude de autorización para a instalación de tempada nunha parcela situada en Mosqueiros-Castiñeiras. Consultado o arquivo deste Concello, se comproba que constan os seguintes antecedentes:

- Informe técnico de data 5/5/2015, no que baseándose en autorizacións e informes anteriores (Informe do Aparellador municipal Antonio Queiruga de data 17/2/2014 e autorización municipal para instalación de chiringo de 20 m2 en tempada 2014), informaba que as condicións urbanísticas da parcela non variaran, e polo tanto concluía que se podía autorizar a instalación do chiringo de 20 m2.
- Informe técnico de data 13/3/2017, no que basándose nos antecedentes e o contido do prego de condicións económico administrativas que rexirán a adxudicación por



vía de urxencia de catro postos para instalación de tempada en terreos de titularidade municipal na tempada de verán 2017, se informa que non existe inconveniente para a súa autorización nas condicións de dito prego.

- Informe técnico de data 17/1/2018, no que basándose nos antecedentes e o contido do prego de condicións económico administrativas que rexirán a adxudicación por vía de urxencia de catro postos para instalación de tempada en terreos de titularidade municipal na tempada de verán 2018, se informa que non existe inconveniente para a súa autorización nas condicións de dito prego.

CONCLUSIÓN

O Plan Xeral de Ordenación Municipal foi aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 17/12/2002 (PXOM).

Os terreos nos que se sitúan as instalacións están en terreo clasificado como EQUIPAMIENTOS polo PXOM. Están incluídos na zona de servidume de costas.

Non existe inconveniente para as instalacións de tempada solicitadas.

14.- LICENZA DE AGRUPACIÓN-SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: ALFONSO GAGO DOMÍNGUEZ. LUGAR: Lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira

VISTA a solicitude de **licenza de agrupación e posterior segregación de fincas** a instancia de **D.Alfonso Gago Domínguez** (DNI 52.930.890-R), en escrito rexistrado de entrada o día 22 de febreiro de 2022, (Rexistro de entrada nº 3.287), con refª catastrais nº 15074A007008490000KP e 15074A007008500000KG, sitas no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación de fincas de febreiro de 2022 redactado por D.Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470).

ACREDITADO que consta no expediente plano e a **acta de cesión** emitidos pola oficina técnica o día 9 de marzo de 2022, así como **contrato de cesión asinado** por D. Alfonso Gago Domínguez o día **14 de marzo de 2022** que comprende unha superficie total de cesión de 277,00 m², resultando na franxa sita na Finca P1 unha superficie de cesión de 66,00 m² e na Finca P2 unha superficie de cesión de 211,00.

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con **data 22 de marzo de 2022**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **11 de abril de 2022**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **21 de abril de 2022**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3.a RESIDENCIAL EXTENSIVA**



UNIFAMILIAR ILLADA.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. Alfonso Gago Domínguez** a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 3/22)** con refª catastrais nº 15074A007008490000KP e 15074A007008500000KG, e sitas no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación de fincas de febreiro de 2022 redactado polo Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), resultando finalmente dous (2) fincas do seguinte modo:

-FINCAS INICIAIS:

-FINCA MATRIZ A, "VIÑA NOVA", Pardiñeiros, Insuela de Arriba, Palmeira, Ribeira con refª catastral nº 15074A007008490000KP, ", propiedade do Sr. Alfonso Gago Domínguez, Finca 25.368, Tomo 1128, Libro 298, Folio 98, inscrición 2ª, superficie Registral 893 m², superficie catastral de 859,00 m², e de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 744,00 m² e que linda: Norte Vial e finca con refª catastral nº 15074A007008500000KG; Sur fincas con refª catastrais nº 15074A007008480000KQ e 15074A007008520000KP; Leste finca con refª catastral nº 15074A007008520000KP; Oeste vial.

-FINCA MATRIZ B, Pardiñeiros, Insuela de Arriba, Palmeira, Ribeira con refª catastral nº 15074A007008500000KG; ", propiedade da entidade LAXE DE RIVEIRA S.L., Finca 29.449, Tomo 1250, Libro 348, Folio 5, inscrición 1ª, superficie rexistral 524 m², superficie catastral de 561,00 m², e de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 561,00 m² e que linda: Norte Vial; Sur finca con refª catastral nº 15074A007008490000KP; Leste finca con refª catastral nº 15074A007008490000KP; Oeste vial.

FINCAS TRAS A AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DAS FINCAS DESCRITAS:

-FINCA P-1 que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 582,00 m², unha superficie de cesión de 66,00 m² resultando unha superficie neta de 516,00 m², que linda: Norte Vial; Sur fincas con refª catastrais nº 15074A007008480000KQ e 15074A007008520000KP; Leste finca con refª catastral nº 15074A007008520000KP; Oeste finca P2 resultante da segregación.

-FINCA P-2 que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 723,00 m², unha superficie de cesión de 211,00 m² resultando unha superficie neta de 512,00 m², que linda: Norte Vial; Sur finca con refª catastral nº 15074A007008480000KQ; Leste finca P1 resultante da segregación; Oeste vial.

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Consta contrato de cesión asinado polo Sr. Alfonso Gago Domínguez (DNI 52.930.890-R) o día 14 de marzo de 2022 que comprende unha superficie total de cesión de 277,00 m², resultando na franxa sita na Finca P1 unha superficie de cesión de 66,00 m² e na Finca P2 unha superficie de cesión de 211,00 m².

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de



dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

15.- VAO PERMANENTE – Francisco Fernández Fernández

Visto o escrito presentado por **Francisco Fernández Fernández**, de data 18/04/2022 (Rexistro de entrada nº 7.385), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa do Toxo, nº 3-Baixo esquerda (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 19/04/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a Francisco Fernández Fernández**, autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa do Toxo, nº 3-Baixo esquerda (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



16.- ACHEGA CONCEDIDA A AROUSA NEO, S.C. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Javier Ventura Sampedro Ageitos, e Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 19/04/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Arousa Neo, S.C. co obxecto da organización V Trail de San Alberte.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/04/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Arousa Neo, S.C. co obxecto da organización V Trail de San Alberte; resultando o seu importe: 1.200,00 €.

17.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO, MONÓLOGOS OU SEMELLANTES, EN TERRAZA DE LOCAL DE HOSTALERÍA - LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.

VISTO o escrito presentado por Sergio Sampedro Rego, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, de data 20/04/2022 (2022 SOLIC0002242), no que solicita permiso para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días 6, 7, 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de maio de 2022, en horario de 12:00 h. a 23:59 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, para amenizar a terraza privada do Bar Desván, situado na praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), con música en directo ou gravada e monólogos ou semellantes, os días 6, 7, 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de maio de 2022, en horario de 12:00 h. a 23:59 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **representante de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (Sergio Sampedro Rego)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión*



sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados



da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

18.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – MANUELA PÉREZ POUSO

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, de data 19/04/2022 (Rexistro de entrada nº 7.470), no que solicita autorización para amenizar os establecementos hostaleiros “Heaven and Hell” e “Chiringuito Pedra Pateira” (Ribeira), cun concerto en directo o día 5 de maio de 2022 (“Heaven and Hell”), así como o 14 de maio de 2022 (“Chiringuito Pedra Pateira”), en horario de 20:30 h. a 23:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Manuela Pérez Pouso para os establecementos hostaleiros “Heaven and Hell” e “Chiringuito Pedra Pateira” (Ribeira), cun concerto en directo o día 5 de maio de 2022 (“Heaven and Hell”), así como o 14 de maio de 2022 (“Chiringuito Pedra Pateira”), en horario de 20:30 h. a 23:00 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a **solicitante (Manuela Pérez Pouso)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións*



amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA EN RÚA AMARELLA (RIBEIRA)

Vista a proposta emitida pola Policía Local, de data 20/04/2022, relativa á sinalización horizontal de pintado de liña amarela, e sinal vertical de sentido obrigatorio á esquerda (R-400b) na rúa Amarella (Ribeira) xa que, debido á creación dunha beirarrúa, a vía se estreita impedindo a circulación si se estaciona un vehículo e, de igual xeito, é necesario colocar o sinal vertical de obrigación á esquerda, xa que a rúa non ten saída.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar que se proceda ao pintado de liña amarela, así como á instalación dun sinal vertical de sentido obrigatorio á esquerda (R-400b) na rúa Amarela (Ribeira), segundo o contido do citado informe policial.

20.- SOLICITUDE DE PINTADO DE LIÑA AMARELA EN RÚA FERNÁNDEZ FLÓREZ (RIBEIRA) – Asesoría Beny García, S.L.

Visto o escrito presentado por Emilio Mosquera Picanes en representación de **Asesoría Beny García, S.L.**, de data 20/01/2022 (Rexistro de entrada nº 978), no que solicita o repintado de liña amarela diante do vao permanente situado na rúa Fernández Flórez (Ribeira), debido ao deterioro sufrido polas obras de mantemento e asfaltado da citada rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o repintado de liña amarela (con reforzo dunha segunda liña amarela paralela á existente) diante do vao permanente situado na rúa Fernández Flórez (Ribeira) – C.P. de Garaxes Edificio Sagrado Corazón -, segundo o contido do citado informe policial.

21.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN “NOITE ABERTA” E INSTALACIÓN DE TOBOGÁN DE AUGA– Asociación de Empresarios de Riveira

Visto o escrito presentado polo Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Ramón Doval Sampedro, de data 21/04/2022, relativo ao escrito presentado por Francisco Manuel Martínez Gude, en representación da **Asociación de Empresarios de Riveira**, de data 19/04/2022 (Rexistro de entrada nº 7.437), no que solicita autorización de ocupación de vía pública para a instalación dun tobogán de auga co motivo da celebración da “Noite aberta”, o día 04/06/2022, en horario de 15:00 h. a 21:00 h., a instalarse na intersección da Rúa de Lugo e Avenida Rosalía de Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** á Asociación de Empresarios de Riveira á celebración da “Noite aberta” en Ribeira o día 04/06/2022.
- **Autorizar** á Asociación de Empresarios de Riveira a instalación dun tobogán de auga co motivo da celebración da “Noite aberta”, o día 04/06/2022, en horario de 15:00 h. a 21:00 h., a instalarse na intersección da Rúa de Lugo e Avenida Rosalía de Castro (Ribeira).

22.- PAGAMENTO DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS A CLUBES DEPORTIVOS. EJERCICIO 2021.

VISTA a proposta presentada polo Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 22/04/2022, na que se propón o a aprobación da xustificación e libramento das cantidades aprobadas aos clubs beneficiarios do reparto de subvencións para a promoción de actividades deportivas. Exercicio 2021.



VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/04/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1º.- Se proceda o libramento das cantidades aprobadas os clubs participantes nesta convocatoria por ter realizada a xustificación total, conforme a seguinte relación:

	SUBVENCIÓN 2021
CLUB NATURAL SPORT	12.000,00
CLUB DE REMO NÁUTICO RIBEIRA	12.000,00
CIDADE DE RIBEIRA	12.000,00
S.D. XUVENTÚ AGUIÑO	8.096,41
CLUB NAUTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA	6.625,39
ESCUELA BOXEO EL CANARIO	5.026,33
CLUB PATINAXE RIBEIRA	5.000,00
CLUB KEMPO BARBANZA	4.679,60
CLUB VOLEIBOL RIBEIRA	4.036,72
CLUB NATACIÓN RIBEIRA	3.643,58
CLUB ATLETICO OLEIROS	2.821,63
CLUB ATLETISMO RIBEIRA	1.552,22
CLUB PALMEIRA	1.224,00
CLUB WINDSURF CATRO VENTOS	1.236,93
CLUB DEPORTIVO ARTES	1.096,02
CLUB KENPO RIBEIRA	793,11
CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS FS	594,95
PEÑA CICLISTA TAHUME	252,38

2º.- Se proceda o libramento das cantidades seguintes os clubs que realizaron unha xustificación parcial da mesma, aplicándolle a redución correspondente:

CARREIRA CF	3.114,73 €
CLUB BALONCESTO BARBANZA	1.708,73 €
CLUB BALONCESTO RIBEIRA	1.245,90 €

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:10 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

